



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

### CERTIFICACIÓN

D.<sup>a</sup> ANA VELO RUIZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA).

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 24 de setembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

**<<11. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMADO PÚBLICO E ILUMINACIÓN DOS PASOS DE PEÓNS. FCA 2018**

Vista a proposta de Alcaldía asinada dixitalmente con data 21.09.2018, que literalmente di:

#### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

**Asunto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMADO PÚBLICO E ILUMINACIÓN DOS PASOS DE PEÓNS. FCA 2018**

**Nº Expediente:** 2018/C005/000001

**Asunto:** Adxudicación do contrato de MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMADO PÚBLICO E ILUMINACIÓN DOS PASOS DE PEÓNS. FCA 2018

Mediante a Resolución de alcaldía núm. 403/2018 de 9 de agosto foi aprobado o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato de “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMADO PÚBLICO E ILUMINACIÓN DOS PASOS DE PEÓNS. FCA 2018”, por procedemento aberto simplificado, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 09.08.2018 foi publicado un anuncio de licitación no Perfil de contratante do Concello de Cedeira.

Dentro do prazo establecido recibíronse ás seguintes propostas:

- INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS, S.L. (INSTELEC)
- PROYMEL MONTAJES, S.L.
- AMYS INGENIERÍA, S.L.
- HALLMANN ENERGIE, S.L.

A Mesa de contratación, logo das reunións de datas 27 e 31 de agosto de 2018, valorou as ofertas da seguinte maneira:

1.- Admitir a todos os licitadores presentados.



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2.- Valorar as referencias técnicas (sobres 1) de acordo cos criterios de adxudicación contidos no Prego de cláusulas administrativas, obtendo a seguinte puntuación de acordo co informe técnico externo redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Jesús Manuel Mallo Puga (colexiado 1.178) con data 30.08.2018:

EMPRESA	PUNTUACION
INSTELEC, S.L.	6,00
PROYMEL MONTAJES, S.L.	3,50
AMYS INGENIERÍA, S.L.	0,00
HALLMANN ENERGIE, S.L.	10,00

3.- As ofertas económicas (sobres 2) son as seguintes:

EMPRESAS	OFERTA ECONÓMICA SEN IVE	PAZO DE EXECUCIÓN	PAZO DE GARANTÍA
INSTELEC, S.L.	26.446,28	28 días	ata 10 anos
PROYMEL MONTAJES, S.L.	27.488,00	25 días	ata 11 anos
AMYS INGENIERÍA, S.L.	25.000,00	10 días	ata 10 anos
HALLMANN ENERGIE, S.L.	29.890,00	12 días	ata 10 anos

4.- Realizar a valoración dos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor e dos criterios cuxa cuantificación é automática, obténdose os seguintes resultados, xunto coa valoración das referencias técnicas:

EMPRESA	PUNT. TÉCNICA	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	REDUCCIÓN DO PAZO DE EXECUCIÓN (días)	PUNTUACIÓN REDUCCIÓN PAZO	AMPLIACIÓN PAZO DE GARANTÍA	PUNTUACIÓN AMPLIACIÓN GARANTÍA	TOTAL
INSTELEC, S.L.	6,00	2,20	2 días	1,20	8 anos	12,44	21,84
AMYS INGENIERÍA, S.L.	0,00	3,00	20 días	12,00	8 anos	12,44	27,44
PROYMEL MONTAJES, S.L.	3,50	1,55	5 días	3,00	9 anos	14,00	22,05
HALLMANN ENERGIE, S.L.	10,00	0,06	18 días	10,80	8 anos	12,44	33,30



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

5.- A Mesa formulou con data 31.08.2018 unha proposta de adxudicación a favor da seguinte empresa, por acadar en conxunto a mellor puntuación:

- Empresa: HALLMANN ENERGIE, S.L.
- Prezo: 29.890,00 euros e 6.276,90 euros de IVE, cun total de 36.166,90 euros.
- Prazo de garantía: 10 anos
- Prazo de subministro: 12 días naturais

O día 05.09.2018 requiriuse á empresa Hallmann Energie, S.L. para que presentara a documentación á que se refire a cláusula décimo quinta do Prego de cláusulas administrativas particulares, así como documentación xustificativa de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e constituira a garantía definitiva polo importe de 1.494,50 euros.

Con data 17.09.2018 (R.E. 3927), a empresa Hallmann Energie S.L., presenta a xustificación de constitución da garantía definitiva polo importe de 1.494,50 euros (Aval núm. 8106/1004 da entidade Banco Pastor (Grupo Santander) de data 12.09.2018) e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Reunida a Mesa de contratación con data 21.09.2018, verificase que a documentación presentada pola empresa Hallmann Energie S.L. é correcta, polo que se ratifica a proposta de adxudicación formulada o día 31.08.2018.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 151 e na Disposición Adicional Segunda do TRLSP, de Contratos do Sector Público, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Adxudicar o contrato denominado “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMADO PÚBLICO E ILUMINACIÓN DOS PASOS DE PEÓNS. FCA 2018” por procedemento aberto simplificado, coas seguintes condicións:

- **Empresa: HALLMANN ENERGIE, S.L.**
- **Prezo: 29.890,00 euros e 6.276,90 euros de IVE, cun total de 36.166,90 euros.**
- **Prazo de garantía: 10 anos**
- **Prazo de subministro: 12 días naturais**

- Advírtese expresamente que de non cumprir o prazo de execución establecido por causas imputables ao contratista, imporanse as penalidades establecidas no Prego de cláusulas administrativas que rexe o presente contrato.

- O adxudicatario deberá colocar un cartel anunciador en que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental, de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.



## **CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

- Achegaranse fotografías, en soporte dixital ou papel, dos lugares onde se efectúen as actuacións, tomadas antes, durante e con posterioridade á súa realización. A presentación das fotografías farase de xeito que permita identificar os lugares e o momento da execución á que correspondan.

2.- Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do presuposto vixente de gastos.

3.- Encargar a ÁTOMO ESTUDIO TÉCNICO, S.L. a dirección desta obra e coordinación de seguridade e saúde, nomeando a D. Jesús M. Mallo Puga director da obra e coordinador de seguridade e saúde; e notificar o presente acordo.

4.- Notificar a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

5.- Notificar a HALLMANN ENERGIE, S.L., adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar na Casa do Concello de Cedeira, dentro do prazo de 15 días hábiles contados desde a recepción da notificación do presente acordo.

6.- Publicar a adxudicación do contrato “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMADO PÚBLICO E ILUMINACIÓN DOS PASOS DE PEÓNS. FCA 2018” no Perfil de Contratante do Concello de Cedeira.

7.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333 do TRLCSP, de Contratos do Sector Público.

8.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.>>

E para que conste, e coa salvidade prevista no artigo 206 do R.O.F., expídese a presente certificación de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Pablo Diego Moreda Gil.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Visto e prace  
O ALCALDE